

Resolución do 22 de febreiro de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 234, do 2 de decembro), pola que se dá publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o día 22 de febreiro de 2010, o tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 234, do 2 de decembro), acordou:

Primeiro.-Publicar no anexo que segue a esta resolución as cualificacións do terceiro exercicio da fase da oposición, logo da correspondente corrección polo tribunal.

Segundo.-Realizar os trámites oportunos para a publicación no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención á Cidadanía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), así como no lugar de realización do exercicio, das cualificacións obtidas polos aspirantes presentados ao terceiro exercicio do proceso selectivo.

Terceiro.-De conformidade co disposto na base II.3 da orde de convocatoria do proceso selectivo, os aspirantes que superaron os exercicios correspondentes á fase de oposición disporán dun prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para presentar a documentación correspondente á fase de concurso, de acordo co procedemento establecido pola Resolución do 2 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública (*Diario Oficial de Galicia* nº 25, do 8 de febreiro). Esta documentación irá dirixida á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública, edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* consonte ao previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Jaime Barros Leboreiro
Presidente do tribunal

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Cualificación
Daniel Rega Liste	76868837-N	Apto

Resolución do 22 febreiro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co disposto no artigo 6 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se acorda o peche e a apertura das listas para a incorporación de novas solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e o nomeamento de persoal interino correspondente a determinados grupos, categorías, corpos e escalas, e se adapta a forma de presentar as solicitudes segundo o establecido no Decreto 255/2008.

No *Diario Oficial de Galicia* nº 48, do 9 de marzo, publícase o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño, con carácter transitorio, de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Segundo se establece no artigo 1, o obxecto deste decreto é a regulación do procedemento para a cobertura, con carácter temporal, de postos incluídos nas relacións de postos de traballo, tanto daqueles reservados aos funcionarios das administracións xeral e especial como os reservados ao persoal laboral, e mentres non se procede á súa cobertura con carácter definitivo; no artigo 6 regúlase o prazo de presentación de solicitudes de inclusión nas listas.

De conformidade co previsto no artigo 6, no que se regula o prazo de presentación de solicitudes, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-O peche para a incorporación de novas solicitudes para as listas correspondentes ás categorías, corpos ou escalas que se indican a seguir:

Corpos e escalas (persoal funcionario)

Grupo	Cuerpo/escala	Denominación
A2	2051	Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia
C1	2053	Corpo administrativo da Xunta de Galicia
C2	2059	Corpo auxiliar da Xunta de Galicia
A1	2093-02	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: procesos de cultivo acuícola.
A1	2093-03	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: navegación marítima.
A1	2093-04	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: pesca marítima.
A1	2093-05	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: inglés marítimo.
A2	2094-01	Mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: servizos subacuáticos e hiperbáricos.
A2	2094-02	Mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: máquinas e produción.

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
III	066	Axudante taller, adxunto/a taller.
III	068	Oficial 1º agrario, capataz agrario.

Grupo	Categoría	Denominación
IV	011	Auxiliar de laboratorio.
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas.
V	001	Camareiro/a-limpador/a, axudante cociña, pasador/a de ferro-lavandeiro/a, costureiro/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeiro/a.
V	002	Axudante de traballos ou oficios, axudante albanel, peón/oa especializado/a, fontaneiro/a, axudante, hortelán/n, axudante traballos, encargado/a xardín.
V	003	Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalterno/a, porteiro/a, recepcionista, telefonista, sereno, garda, garda xuramentado.
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos.
V	011	Limpador/a, fregador/a, empregado/a comedor, empregado/a cociña-pinche, servizo doméstico. Mozo/a de limpeza, pinche de cociña, persoal de servizos xerais.
V	012	Peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, mozo/a, pastor/a, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, EFU, mozo/a mantemento, mozo/a subalterno.

Segundo.-A reapertura das listas correspondentes aos corpos ou escalas que a seguir se indican:

Corpos e escalas (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2063	Escala de enxeñeiros/as agrónomos.
A1	2068	Escala de biólogos/as.
A1	206K	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos.
A1	206L	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas.
A1	206M	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos.
A1	2083	Escala superior de estatísticos/as.
A2	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos.
A2	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas.
A2	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos.
A2	2077	Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícolas.
A2	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira.

Terceiro.-De conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 37/2006, no anexo I desta resolución relaciónanse as listas correspondentes aos corpos, escalas grupos e categorías que se atopan abertas e nas cales os interesados poderán presentar solicitude de inclusión no período comprendido entre o 1 de marzo e o 15 de xullo deste ano. Así mesmo, no anexo II indícanse as listas correspondentes aos corpos, escalas, grupos e categorías que permanecen pechadas e nas cales soamente se poderán inscribir aquelas persoas que superasen algunha proba do último proceso selectivo do corpo, escala, grupo e categoría correspondente ou que teñan prestado servizos na Xunta de Galicia para a lista correspondente.

Cuarto.-De conformidade co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, non será necesaria a presentación da fotocopia do DNI xunto coa instancia de inclusión nas listas, sempre e cando o interesado manifeste o seu consentimento expreso, que deberá constar na mesma soli-

cidade, para que o órgano competente poida acceder á comprobación dos seus datos de identidade.

Quinto.-O modelo de solicitude de inscrición nas listas de contratación temporal e nomeamento de persoal interino, así como o modelo de modificación de datos persoais, de modificación de ámbitos e suspensión de chamamentos, soamente estarán á disposición dos interesados, a partir do 1 de marzo deste ano, na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na epígrafe de listas de contratación temporal.

Sexto.-Contra esta resolución, e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ao 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso dealzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétimo.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Jose M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO I

Listas abertas

Corpos e escalas (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2060	Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia.
A1	2067	Escala de veterinarios.
A1	2061	Escala de arquitectos.
A1	2063	Escala de enxeñeiros/as agrónomos.
A1	2068	Escala de biólogos/as.
A1	206K	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos.
A1	206L	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas.
A1	206M	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos.
A1	2083	Escala superior de estatísticos/as.
A1	2062	Escala de enxeñeiros/as de camiños, canles e portos.
A1	2064	Escala de enxeñeiros/as industriais.
A1	2065	Escala de enxeñeiros/as de minas.
A1	2066	Escala de enxeñeiros/as de montes.
A1	2072	Escala de arqueólogos/as.
A1	2080	Escala de enxeñeiros/as de telecomunicacións.
A2	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos.
A2	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas.
A2	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos.
A2	2077	Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícolas.
A2	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira.
A2	2073	Escala de arquitectos/as técnicos.
A2	2074	Escala de enxeñeiros/as técnicos de obras públicas.
A2	2075	Escala de enxeñeiros/as técnicos industriais.
A2	2076	Escala de topógrafos/as.
A2	2079	Escala de enxeñeiros/as técnicos de minas.
C1	2054	Escala de axentes forestais.
E	2055	Agrupación profesional.

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	002	Titulado/a superior médico/a, médico/a xeriatra, médico/a CEL, médico/a adxunto/a, médico/a.
I	004	Titulado/a superior.
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a.
II	002	ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE.
II	006	Educador/a, profesor/a especial.
II	007	Titulado/a grao medio.
II	011	Fisioterapeuta.
II	017	Asistente social.
II	020	Terapeuta ocupacional.
III	003	Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a.
III	004	Gobernante/a, gobernante/a servizos domésticos,encargado/a lavadoiro, roupeiro, ferro de pasar.
III	014	Xefe/a de cociña.
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia.
III	063	Oficial 1º condutor/a, condutor/a 1º, condutores/as altos cargos, condutor/a mecánico/a.
III	064	Oficial/a 1º tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada.
III	065	Oficial 1º cociña, oficial 1º cociñeiro, xefe/a cociña, cociñeiro/a 1º.
III	067	Capataz de obras. Capataz cuadrilla. Xefe/a equipo. Oficial 1º obra COTOP. Capataz.
III	069	Oficial servizos técnicos, oficial 1º mantemento, oficial 1º oficios varios, oficial de primeira.
III	078	Subgobernante/a.
III	080	Capataz de establecemento.
IV	003	Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a, auxiliar de enfermaría, coidador/a xeriatrico, coidador/a.
IV	004	Auxiliar fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado.
IV	005	Oficial 2º cociña, cociñeiro/a oficial 2º.
IV	016	Condutor/a.
IV	031	Legoeiro/a.
V	009	Celador/a de segunda. Vixilante de recursos naturais.
V	10F	Peón/oa forestal.

Grupos e categorías do persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga

Grupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico superior de defensa contra incendios forestais.
II	039	Técnico forestal de defensa contra incendios forestais.
III	100	Xefe de cuadrilla de defensa contra incendios forestais.
IV	032	Operador/a codificador/a de defensa contra incendios forestais.
IV	033	Condutor motobomba de defensa contra incendios forestais.
IV	037	Oficial 2º mecánico de defensa contra incendios forestais.
V	10A	Vixilante móbil de defensa contra incendios forestais.
V	10B	Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais.
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais.
V	014	Peón de defensa contra incendios forestais.
V	14A	Peón condutor de defensa contra incendios forestais.

ANEXO II

Listas pechadas

Corpos e escalas (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información.
A1	2069	Escala de químicos/as.
A1	2086	Escala superior de finanzas.
A1	2093-01	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: dereito marítimo.

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2093-02	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: procesos de cultivo acuícola.
A1	2093-03	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: navegación marítima.
A1	2093-04	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: pesca marítima.
A1	2093-05	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: inglés marítimo.
A2	2051	Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia.
A2	205F	Escala técnica de finanzas.
A2	205H	Escala de xestión de sistemas de informática.
A2	206I	Inspección turística.
A2	2052	Escala de enxeñeiros técnicos forestais.
A2	2085	Escala técnica de estatística.
A2	2094-01	Mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: servizos subacuáticos e hiperbáricos.
A2	2094-02	Mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Materia: máquinas e produción.
C1	2053	Corpo administrativo da Xunta de Galicia.
C1	2051	Escala técnica auxiliar de informática.
C1	2081	Escala de delinquentes.
C2	2059	Corpo auxiliar da Xunta de Galicia.

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Descrición
I	011	Titulado/a superior pedagogo/a.
I	014	Titulado/a superior sociólogo/a.
I	018	Licenciado/a informático/a (antigo/a técnico/a de sistemas e analista titulado/a superior).
I	019	Titulado/a superior especialista. Titulado/a superior farmacéutico/a.
I	023	Documentalista.
I	027	Coordinador/a de actividades externas.
I	029	Xefe/a departamento persoal e xestión económico-administrativa do IGAEM.
I	030	Relacións públicas do IGAEM.
I	031	Titulado/a superior de formación ocupacional.
I	032	Técnico/a superior en centros de arte.
II	001	Director/a-administrador/a. Director/a de centro social. Director/a casa da xuventude. Subdirector/a residencia xuvenil. Preceptor/a residencia. Director/a centro. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM. Secretario/a de residencia. Director/a de cociña de irmandade. Director/a de clínica deportiva.
II	005	Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas.
II	008	Director/a de gardaría infantil.
II	021	Monitor/a ocupacional.
II	027	Técnico/a superior diplomado/a en informática (antigo analista de aplicacións (titulado/a medio) e antigo analista programador/a (titulado/a medio).
II	031	Restaurador/a.
II	033	Profesor/a de danza clásica.
II	037	Titulado/a medio/a formación ocupacional.
II	038	Perito-xudicial diplomado/a.
II	040	Mestre/a especialista en educación infantil.
III	002	Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2º administración. Administrador/a. Secretario/a-administrador/a residencia xuvenil. Administrador/a de produción de centros. Secretario/a de dirección do IGAEM. Axudante/a de dirección e difusión da música. Axudante/a de dirección e difusión do CDG.
III	005	Intendente. Encargado/a de establecemento. Encargado/a de almacén.
III	006	Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento. Conservador/a de edificios. Encargado/a oficios varios mantemento. Xefe/a de taller. Encargado/a de traballos. Especialista de oficios.
III	011	Encargado/a agrario/a.
III	012	Mestre/a de taller.
III	017	Analista de laboratorio.

Grupo	Categoría	Descrición
III	018	Marcador/a de metais preciosos.
III	023	Celador/a de estradas. Capataz de brigada.
III	030	Programador/a.
III	033	Encargado/a supervisor/a de telefónica.
III	034	Especialista de oficios (debuxante).
III	036	Experto/a audiovisuais.
III	037	Técnico/a de son.
III	039	Rexedor/a de escena.
III	040	Axudante/a de produción.
III	045	Técnico/a de luces.
III	049	Axente auxiliar inspección transportes.
III	052	Tradutor/a. Intérprete da Administración de xustiza.
III	053	Técnico/a en restauración cinematográfica.
III	060	Auxiliar técnico/a de obra. Auxiliar técnico/a obra TIE.
III	061	Oficial laboratorio, analista 2º, axudante técnico/a laboratorio.
III	066	Axudante taller, adxunto/a taller.
III	068	Oficial 1º agrario, capataz agrario.
III	088	Capataz de explotacións marisqueiras.
III	090	Animador/a sociocultural.
III	091	Técnico/a especialista en informática (antigo/a operador/a de ordenadores).
III	097	Auxiliar de son.
III	098	Auxiliar de luces.
III	101	Proxeccionista.
III	102	Encademador/a.
III	103	Entrevistador/a-enquisador/a.
III	104	Intérprete de linguaxe de signos.
IV	001	Auxiliar gravación. Oficial/a 2ª linotipista. Auxiliar administrativo/a. Oficial 2º administrativo/a. Técnico/a auxiliar en informática. Operador/a máquina elemental. Auxiliar.
IV	002	Auxiliar mecánico/a. Oficial/a 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación obras.
IV	006	Axudante/a servizos técnicos. Oficial/a 2ª mantemento.
IV	007	Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación.
IV	009	Oficial 2ª agrario/a.
IV	011	Auxiliar de laboratorio.
IV	017	Almaceneiro/a, despenseiro/a.
IV	020	Conserxe (cando teñan ao seu cargo persoal subalterno ou ordenanza).
IV	021	Oficial/a 2ª carpinteiro/a. Auxiliar carpintaría.
IV	022	Oficial/a 2ª en reprografía.
IV	023	Mestre/a gaitero/a.
IV	024	Xastre/a.
IV	025	Cargador/a. Tremeiro/a.
IV	028	Auxiliar produción-dirección.
IV	030	Auxiliar formación ocupacional.
IV	034	Axudante/a restauración e proxección cinematográfica.
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas.
IV	036	Auxiliar de museos.
IV	038	Auxiliar teléfono de información ao cidadán.
IV	039	Auxiliar de autopsia.
V	001	Camareiro/a-limpador/a, axudante cociña, pasador/a de ferro-lavandeiro/a, costureiro/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeiro/a.
V	002	Axudante de traballos ou oficios, axudante albanel, peón/oa especializado/a, fontaneiro/a, axudante, hortelán/n, axudante traballos, encargado/a xardín.
V	003	Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalterno/a, porteiro/a, recepcionista, telefonista, sereno, garda, garda xuramentado.

Grupo	Categoría	Descrición
V	008	Peón/oa agrario/a.
V	10D	Socorrista.
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos.
V	011	Limpador/a, fregador/a, empregado/a comedor, empregado/a cociña-pinche, servizo doméstico. Mozo/a de limpeza, pinche de cociña, persoal de servizos xerais.
V	012	Peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, mozo/a, pastor/a, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, EFU, mozo/a mantemento, mozo/a subalterno.

Resolución do 22 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co artigo 12 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo (Diario Oficial de Galicia número 48, do 9 de marzo), se fai pública a actualización provisional de méritos correspondentes ao ano 2009 das listas para a cobertura, con carácter transitorio, de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Efectuada a actualización de méritos prevista no artigo 12 do Decreto 37/2006, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a actualización provisional de méritos, con indicación da puntuación total unha vez incluídos os novos méritos relativos ao ano 2009, dos solicitantes incluídos nas listas para a cobertura con carácter transitorio de postos de traballo reservados a funcionarios, correspondentes aos corpos e escalas que se inclúen no anexo I desta resolución e dos incluídos nas listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral correspondentes aos grupos e categorías que se inclúen no anexo II.

As listas están expostas con indicación da puntuación dos seus integrantes.

Segundo.-As listaxes atópanse expostas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poden descargarse da páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Terceiro.-Os interesados disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar reclamacións, que irán dirixidas á Comisión Permanente Central (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Facenda, edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).